

Estensión do prazo de execución e xustificación do CONVENIO ENTRE A ASOCIACION PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCION, A ASOCIACION CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA CFV, E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector de Desenvolvemento de Negocio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que con data 3/8/2020 asinouse o Convenio de referencia, que ten vixencia ata o 30/12/2020, establece na súa cláusula cuarta un prazo de execución de gastos ata o 15/11/2020 e na cláusula oitava a obriga de presentación da solicitude de pagamento para esta mesma data do 15/11/2020.

Que a acción "AC3" do convenio consiste na promoción do Encontro Empresarial da "Maker Faire Galicia", onde se organizará unha xornada con contidos e expertos de elevado interese tanto para "makers" e "start-ups" como para directivos de empresas gallegas.

Que esta acción "AC3" é inseparable da "Maker Faire Galicia", un evento máis extenso –de cinco días en total- e que, debido ao retraso sufrido pola COVID19, terá lugar do 18 ao 22 de novembro.

Que polo tanto, para poder levar a cabo a acción AC3 e permitir a súa correcta xustificación é preciso estender os prazos previstos na cláusula cuarta e oitava ata o día 10 de decembro de 2020.

Que a comisión de seguemento do convenio aprobou na súa reunión de 2/10/2020 a execución da actividade AC3 entre o 18 e o 22 de novembro, condicionada á modificación do prazo de execución e xustificación para incluír estas datas en dito prazo.

Que de acordo cos antecedentes expostos, proponse a modificación da data do 15/11/2020 nas cláusulas cuarta e oitava do convenio, sustituíndoa en ambos casos polo 10/12/2020.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela